



Concello de Sarria

BASES DA CONVOCATORIA CONCILIA NO VERÁN 2019

Base primeira.- Obxecto e publicidade.

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento que rexerá a adxudicación de prazas e formalización de inscricións nas actividades culturais e deportivas que integran o Programa Concilia no Verán 2019 ofertado polo Concello de Sarria.

O Programa Concilia é un proxecto educativo que nace co propósito de atender as necesidades de conciliación da vida familiar e laboral, así como a demanda de actividades de carácter socio-educativo no eido do lecer e o tempo libre, facilitando e dinamizando as canles polas que as nenas e os nenos de Sarria poden participar en alternativas lúdicas e de lecer saudable.

As bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Sarria e na páxina web www.sarria.es.

A información contida nas bases segunda e terceira, formarán parte dun folleto explicativo que será repartido nos centros escolares do termo municipal para xeral coñecemento.

Base segunda.- Actividades ofertadas.

PISCINAS MUNICIPAIS¹:

Horarios xuño, xullo e agosto: 12:00 horas a 21:00 horas.

Horarios setembro: 12:00 horas a 19:00 horas.

Cota:

- o Abono tempada:
 - ✓ Individual: 26,60€.
 - ✓ Familiar: 35,45€.
- o Entradas para un día para maiores de 18 anos: 1,85€/Entradas para un día menores de 18 anos: 0,85€.

OBRADOIROS EDUCATIVOS²:

¹ Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de casas de baño, duchas, piscinas e instalacións análogas

² Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos na escola municipal de música e talleres



Concello de Sarria

Cursos de natación

Terán lugar nos meses de xullo e agosto. Os cursos terán carácter quincenal e as clases unha duración de 30 minutos, de luns a venres excepto festivos.

Horarios:

En quendas de media hora comenzando as 12:00 horas e ata as 15:00 horas.

Nenos de idade inferior a 4 anos:

- 13:30 horas ata as 14:00 horas.
- 14:00 horas ata as 14:30 horas.

Cota:

- o Por quincena e quenda 13,34€. Por mes e quenda 26,61€. Haberá desconto a partir do segundo irmán cun prezo de 8,89€.
- o Por mes e quenda 26,61€ e desconto a partir do segundo irmán cun prezo de 17,94€.

Campamentos de conciliación para nenos e nenos

Terán lugar durante os meses de xullo e agosto. En quendas quincenais de luns a venres excepto festivos.

- o Mañás culturais para idades entre os 3 anos e os 14 anos.
Horario: 9:30 horas a 14:00 horas.
Lugar: Escola Municipal de Música e Casa da Cultura.
- o Mañás deportivas para idades entre os 4 anos e os 14 anos.
Horario: 10:00 horas a 14:00 horas.
Lugar: Instalacións dos pavillóns publicos e as piscinas cubertas.

Cota: 8,86 € por quincena e actividade.

Base terceira.- Solicitud e forma de presentación.

Os formularios de solicitude para actividades de conciliación e cursos de natación, así como para a renovación ou emisión de carnés de acceso ás piscinas municipais, estarán dispoñibles na páxina web www.sarria.es dende o mesmo día da publicación das presentes bases. Así mesmo estarán dispoñibles en formato impreso na Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX).

O formulario, debidamente cuberto e asinado pola nai, pai ou persoa que represente legalmente ao menor, deberá presentarse a partir do día **18 de xuño** en horario de 10:00 horas a 14:00 horas na OMIX Sarria, anexando copia do D.N.I. da persoa asinante e, no seu caso, copia do D.N.I. da/o titular do número de conta bancaria

culturais e outros ensinos

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Concello de Sarria

onde se desexe domiciliar o pagamento dos recibos no caso de non coincidir a/o titular da conta coa persoa asinante da solicitude.

As prazas serán adxudicadas por rigorosa orde de presentación de solicitudes.

Base cuarta.- Pagamento da taxa.

O pagamento da taxa correspondente efectuarase mediante a modalidade de domiciliación con cargo en conta unha vez iniciada a prestación do servizo, do que se informará ás entidades bancarias mediante o formato electrónico establecido para a comunicación de domiciliados (Caderno 19).

De non materializarse o pago e ser devolto o recibo domiciliado pola entidade bancaria, se lle expedirá e notificará ao debedor carta de pago para o seu ingreso voluntario en calquera das entidades colaboradoras. O día seguinte ó do vencemento do prazo establecido para o ingreso iniciarase o período executivo que determinará a esixencia dos xuros de demora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.

Base quinta.- Lista de agarda.

As vacantes que se produzan serán ofrecidas ás persoas solicitantes que figuren nas listas de espera correspondentes. No caso de que se produzan baixas, desde a OMIX contactarán, seguindo a orde de lista, coas persoas da lista de agarda mediante chamada telefónica ao número indicado na solicitude.

Realizaranse 3 chamadas entre as 9.00 e 14.00 horas, que serán rexistradas para a constancia da súa realización. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase a seguinte na lista de espera.

A inscrición estará aberta ata que se cubran as prazas nas diferentes actividades e quendas.

Base sexta.- Devolución da cota.

1. Se unha vez obtida a praza por calquera dos procedementos de adxudicación (directa ou fase de reserva) e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non pode asistir á actividade, só terá dereito á súa devolución nos casos e polas causas seguintes:

a) Renuncia á praza comunicada por escrito sempre e cando solicite a devolución da

Concello de Sarria



Concello de Sarria

cantidade aboada polo menos cinco días hábiles antes do inicio da actividade.

b) Cando por causas non imputables á persoa interesada, non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade.

c) Cando se produza ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte a persoa menor e lle impida incorporarse á actividade. Esta causa debe acreditarse con informes médicos e/ou do hospital en que estea ingresada a persoa menor.

d) Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata 2º grao por consanguinidade ou afinidade. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar ou co certificado de defunción, de ser o caso.

Base sétima.- Normas de comportamento e recomendacións.

1. A inscrición supón a aceptación e o estrito cumprimento do horario do obradoiro.
2. A organización dos obradoiros non permitirá ningún tipo de comportamento violento, tanto físico como verbal. Se algún dos participantes dificulta a dinámica no desenvolvemento das actividades en repetidas ocasións (previas advertencias da situación á nai, pai ou representante legal do menor), pode ser susceptible de expulsión segundo determine o equipo de educadores ou os responsables da actividade.
3. Recomendacións:
 - Non levar aos campamentos aparellos electrónicos, videoxogos, móbiles, etc.
 - Levar roupa e calzado cómodo, unha gorra e crema de protección solar por se se realizan actividades no exterior.
 - Non levar diñeiro ou obxectos de valor pois a organización non se fai responsable das perdas ou rompeduras que poidan producirse durante o campamento.
 - É aconsellable que non asistan aos campamentos os participantes que teñan enfermidades contaxiosas ou que presenten algún dos seguintes síntomas: máis de 37,5º de febre, vómitos ou diarrea, chagas ou aftas na boca, dificultade respiratoria, conxuntivite, erupcións ou alteracións atípicas na pel ou no caso de ter piollos.

Base oitava.- Acceso ás piscinas municipais.

Para a emisión ou renovación de abonos familiares e individuais de acceso ás piscinas municipais expedirase carta de pago na oficina de recadación municipal para o seu pago nas entidades bancarias colaboradoras (**ABANCA, CaixaBank ou Caixa Rural**).

Concello de Sarria



Concello de Sarria

Os abonos serán entregados nas propias instalacións das piscinas municipais previa presentación do documento de pago debidamente selado e/ou validado pola entidade bancaria.

- Abono familiar: enténdese como unidade familiar a formada por unha parella de feito, un matrimonio ou un adulto, incluíndo os fillos menores de 18 anos no momento de pagar o abono. Para a expedición de abono familiar será necesario achegar fotocopia de Libro de Familia ou documento equivalente. ·
- Abono individual: adulto maior de idade (18 anos ou máis no momento de pago) e menores coa autorización do pai / nai ou titor / a legal.

Os abonos poderanse solicitar a partir do día 3 de xuño.

Base novena.- Réxime de recursos.

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro das presentes bases poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto for expreso. Transcorrido este prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, se for o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non for expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Documento asinado dixitalmente

.

.

.

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Concello de Sarria

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916